



**Ramón Lago**  
Xerente  
Inercial Performance



// Sector  
**Deportivo**



// Localización  
**Vigo**



// Ano de constitución  
**2005**



// N° empregados  
**3**

## // Descrición da empresa

Fabricante de máquinas isonerciais, cunha tecnoloxía aplicada ao deporte de alto rendemento. Son pioneiros nunha das tendencias máis novidasas da forza. O seu obxectivo é deseñar as mellores máquinas de adestramento inercial do mercado.

*"Este servizo supuxo o comezo dun proceso que tiña o obxectivo de levar a cabo unha serie de melloras"*

Ramón Lago. Xerente de Inercial


## // Descrición do proxecto

Aínda que esta peme viguesa é experta no seu campo, a dirección era consciente de que necesitaban aprender do ámbito empresarial e, para iso, puxéronse como obxectivo aproveitar todas as oportunidades que se presentasen para conseguilo. E froito desta idea xurdiu a oportunidade de participar no programa Re-acciona TIC.

Coa súa participación buscaban implantar unha ferramenta de xestión de stock, fabricación e custos (entre outros) que, a súa vez vez, integrarían cun proceso de certificación externo.

Grazas ás reunións periódicas desenvolvidas entre o axente colaborador e a peme, creouse esta ferramenta en rede á que ten acceso non só o persoal, senón tamén outras persoas relacionadas coa empresa. Agora todos os axentes implicados dispoñen dunha información actualizada constantemente.






## // O resultado

Inercial Performance, grazas á súa participación no programa Re-acciona TIC, deu un paso máis no seu proceso de crecemento e desenvolvemento como peme.

Agora dispoñen dunha ferramenta en rede que lles permite ter información de forma rápida, ordenada e de fácil acceso para quen lle interese. Isto facilita que poidan debuxar un mapa interno no que son conscientes do estado da situación da empresa en tempo real.

*“Grazas á nosa  
participación no programa  
Re-acciona TIC, demos un  
paso máis no noso proceso  
de crecemento e  
desenvolvemento como  
peme”*

Ramón Lago  
Xerente de Inercial



// Web  
<https://einercial.com/>



// Vídeo  
Ver vídeo